



GALEGO SEN FRONTEIRAS

XXXV Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas

3-24 de xullo de 2025

Cursos de verán de lingua e cultura galegas destinados a persoas de fóra de Galicia

Programación. Nivel elemental

INTRODUCCIÓN

O **Curso de lingua e cultura galegas**, que este ano celebra a súa XXXV edición, supón para moitos dos alumnos e alumnas que participan nel unha primeira aproximación ao galego fóra do ámbito estritamente académico. Poder aprender e practicar unha lingua no seu país de orixe é un factor que facilita a inmersión lingüística, ademais de favorecer o coñecemento de diferentes aspectos da realidade sociocultural que toda lingua ten na súa cerna.

Neste curso pretendemos fornecer o alumnado das ferramentas básicas para poder mellorar as súas habilidades comunicativas en galego. Non obstante, aínda que as clases de lingua (prácticas e teóricas) están enfocadas basicamente ao coñecemento da lingua, aproveitarase tamén para facer unha aproximación á cultura galega en diferentes áreas: a súa literatura, arte, historia ou algúns aspectos relativos á súa situación sociolingüística.

Metodoloxicamente, este curso ten un enfoque pragmático orientado a mellorar as destrezas comunicativas do alumnado: expresión e comprensión oral, expresión e comprensión escrita.

Aínda que non se poden considerar compartimentos estancos, como orientación podemos dicir que nas clases teóricas se traballarán aqueles contidos relacionados co código lingüístico (gramaticais, fonéticos, ortográficos e léxicos) que se consideren necesarios para desenvolver satisfactoriamente estas funcións comunicativas, especialmente no referente á comprensión e expresión escrita.

Na clases prácticas traballaránse máis especificamente aqueles contidos funcionais que axuden o alumnado a mellorar as súas competencias pragmáticas relacionadas coa expresión e comprensión oral.

Estes contidos funcionais están relacionados cos usos sociais da lingua, tales como saudar, despedirse, presentarse, dirixirse a alguén, iniciar e concluír unha conversa, pedirle información ao interlocutor etc. Tamén se traballarán nas clases aqueles contidos discursivos que axuden o alumnado a mellorar a súa fluidez á hora de expresarse, así como de elaborar un discurso coherente, con adecuación ao contexto comunicativo e que presente unha cohesión interna que facilite a súa comprensión.

Os obxectivos e unidades didácticas que esta programación recolle nos seguintes apartados están adaptados segundo o estándares definidos no **Marco común europeo de referencia para as linguas**, e axustados tendo en conta as limitacións temporais que un curso destas características nos ofrece.



GALEGO SEN FRONTEIRAS

XXXV Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas

3-24 de xullo de 2025

OBXECTIVOS

Dentro do Marco común europeo, están indicados uns niveis comúns a escala global. Tomando este niveis como referencia, nesta programación concretamos uns obxectivos xerais que guiarán o proceso de ensinanza-aprendizaxe durante o curso. Estes obxectivos son:

- Ser capaz de comprender e utilizar expresións cotiás de uso moi frecuente, así como, frases sinxelas destinadas a satisfacer necesidades de tipo inmediato.
- Poder presentarse a si mesmo e a outros, pedir e dar información básica sobre o seu domicilio, as súas pertenzas e persoas que coñece.
- Poder relacionarse de forma elemental sempre que o seu interlocutor fale amodo e estea disposto a cooperar.
- Ser capaz de comprender frases e expresións de uso frecuente relacionadas con áreas de experiencia que lle son especialmente relevantes (información básica sobre si mesmo e a súa familia, compras, lugares de interese, ocupacións etc.)
- Saber comunicarse á hora de levar a cabo tarefas simples e cotiás que non requiran máis que intercambios sinxelos e directos de información sobre cuestións que lle son coñecidas ou habituais.
- Saber describir, en termos sinxelos, aspectos do seu pasado e do seu contorno, así como cuestións relacionadas coas súas necesidades inmediatas.

Estes obxectivos concréntanse para cada unha das catro destrezas:

Comprensión oral

- Comprensión de frases, expresións e vocabulario máis habituais sobre temas de interese persoal e relacionado con áreas de prioridade inmediata.
- Interpretación eficaz do discurso para poder enfrontarse a necesidades concretas, sempre que este sexa breve, sinxelo, claro, redundante, práctico, emitido de forma pausada e con naturalidade e ligado ao contexto.
- Comprensión de información e instrucións sinxelas, así como pasaxes curtas ou mensaxes telefónicas que traten sobre asuntos cotiáns e previsibles relacionados con temas como identificación e caracterización persoal e profesional; orientación e localización no tempo e no espazo; datas, horarios; alimentación, produtos e obxectos de uso diario; saúde; establecementos comerciais, servizos e oficinas públicas; feitos ou acontecementos en presente ou pasado.



GALEGO SEN FRONTEIRAS

XXXV Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas

3-24 de xullo de 2025

Comprensión escrita

- Lectura de textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns que teñan vocabulario moi frecuente.
- Selección de información específica e previsible en cartas, catálogos, prospectos, menús de restaurantes, listaxes, horarios, anuncios publicitarios e artigos breves de carácter informativo nos xornais.
- Comprensión, interpretación e identificación de información e instrucións sinxelas relacionadas con situacións cotiáns e previsibles atopadas en textos como carteis e avisos públicos; horarios e datas de viaxes, servizos de transporte, horarios de establecementos; orientación e localización no espazo; normas de seguridade; instrucións de aparellos e uso frecuente; información e instrucións de ámbitos como a hostalaría, a sanidade e a vida académica; identificación persoal e profesional; alimentación e produtos nun establecemento comercial; información básica de formularios e documentos das oficinas públicas e de entidades académicas e bancarias; noticias breves e titulares sinxelos de xornais.

Expresión oral

- Poderá comunicarse en tarefas elementais e habituais que requiran un intercambio simple e directo de información sobre actividades e asuntos cotiáns.
- Será capaz de participar en conversas breves con razoable comodidade, contando coa colaboración do interlocutor, en situacións previsibles da vida diaria.
- Farase entender en intervencións breves, mesmo con pausas, dúbidas iniciais e reformulación.
- Fará descrições e presentacións breves e sinxelas da familia e doutras persoas, das condicións de vida ou de traballo, das actividades diarias, costumes, gustos e preferencias, obxectos e posesións etc.
- Será capaz de facer declaracións ensaiadas de contido previsible sobre temas importantes da vida cotiá, sempre que contén con oíntes dispostos a colaborar.
- Poderá resolver situacións e tarefas como intervencións simples de carácter social; controlar a comunicación oral; dar información xeral relativa á identificación persoal, profesional, de lugares e obxectos; solicitar e dar instrucións sinxelas sobre orientacións e localización no espazo e sobre horarios e datas; reservar un cuarto e facer as preguntas básicas relativas a aloxamentos; comprar ou pedir información sobre produtos expostos nun establecemento comercial; reclamar a atención dun responsable nun establecemento e solicitar un servizo; pedir información sobre a alimentación e produtos de uso diario, prezos e formas de pagamento; dar información básica sobre un



GALEGO SEN FRONTEIRAS

XXXV Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas

3-24 de xullo de 2025

problema de saúde; pedir información e realizar xestións sinxelas en establecementos comerciais e públicos; intervir en conversas sinxelas sobre experiencias persoais, centros de interese e acontecementos de actualidade, manifestando sentimentos, expresando acordo e desacordo e solicitando opinións.

Expresión escrita

- Escribirá notas e mensaxes breves e sinxelas sobre temas relativos a áreas de necesidade inmediata e sobre aspectos cotiáns do seu ámbito, empregando unha serie de frases e oracións enlazadas cos conectores máis usuais.
- Será capaz de cubrir ou escribir formularios básicos con información persoal, mensaxes breves de rexistro formal, carta ou postal sobre asuntos persoais, notas ou pequenas mensaxes a amigos sobre cuestións sinxelas, información sobre a familia, lugares, condicións de vida e experiencias persoais e profesionais.

CONTIDOS

Os contidos que se traballarán nas clases, referentes aos recursos lingüísticos e ás diferentes tarefas que se traballarán na aula, iranse introducindo para acadar os obxectivos específicos nas diferentes destrezas.

O léxico e as estruturas lingüísticas utilizados para desenvolver estes aspectos adecuaranse aos obxectivos do nivel elemental. Os contidos léxico-semánticos deberán adaptarse á realidade sociocultural galega.

O conxunto destes contidos está especificado nas seguintes unidades didácticas, que seguen unha secuenciación en función da consecución dos obxectivos e da evolución do alumnado; son en todo momento flexibles para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe que o alumnado amose durante o curso.



GALEGO SEN FRONTEIRAS

XXXV Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas

3-24 de xullo de 2025

Unidade 1

Tarefas	Contidos funcionais	Contidos gramaticais	Contidos léxicos e socioculturais
➤ Presentarse. ➤ Coñecer e presentar os compañeiros da clase.	➤ Dar e pedir datos persoais. ➤ Presentar e presentarse, saudar e despedirse. ➤ Dar información sobre o lugar de orixe e de residencia.	➤ Os números. ➤ O abecedario (dígrafos). ➤ Pronuncia de vogais e consoantes. ➤ Regras básicas de acentuación. ➤ Formas de presente dos verbos máis comúns. ➤ Pronomes tónicos de suxeito.	➤ Expresións básicas de saúdo e despedida, tratamento, agradecemento e desculpa, acordo e desacordo, felicitación, condolencia etc. ➤ Léxico relacionado coa idade, o sexo, o estado civil, o lugar de procedencia.

Unidade 2

Tarefas	Contidos funcionais	Contidos gramaticais	Contidos léxicos e socioculturais
➤ Describirse e describir algo ou a alguén.	➤ Identificar e describir fisicamente as persoas. ➤ Falar do aspecto e do carácter.	➤ Flexión de xénero e de número de substantivos e adxectivos; regras máis comúns de formación do plural. ➤ Concordancia de xénero e de número no grupo nominal.	➤ Léxico sobre características físicas de persoas, obxectos e paisaxes: cores, tamaño, forma externa etc. ➤ Léxico básico sobre estados de ánimo, sentimentos ou carácter.



GALEGO SEN FRONTEIRAS

XXXV Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas

3-24 de xullo de 2025

Unidade 3

Tarefas	Contidos funcionais	Contidos gramaticais	Contidos léxicos e socioculturais
➤ Concertar unha cita. ➤ Buscar un compañeiro/a para compartir piso. ➤ Deseñar unha casa ideal.	➤ Preguntar sobre gustos e intereses. ➤ Falar de relacións persoais. ➤ Contrastar gustos e preferencias.	➤ Artigo determinado e artigo indeterminado: formas e usos. ➤ Contraccións das formas do artigo coas preposicións <i>a, en, con, de</i> e <i>por</i>. ➤ Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo.	➤ As relacións persoais e sociais: relacións familiares, amorosas, de amizade... ➤ Invitacións e citas. Léxico relacionado con agrupamentos de poboación e tipos de hábitat. ➤ Léxico relacionado coa casa, as vías públicas, distribución urbana etc. ➤ Léxico relacionado coa vivenda, o fogar e o mobiliario doméstico.

Unidade 4

Tarefas	Contidos funcionais	Contidos gramaticais	Contidos léxicos e socioculturais
➤ Escoller chofer, cociñeiro/a e guía turístico/a da clase para pasar unha fin de semana de acampada. ➤ Decidir o menú para unha cea coa clase.	➤ Falar de gustos e hábitos culinarios. ➤ Pedir e dar información sobre comidas e bebidas. ➤ Desenvolverse en supermercados, tendas de alimentación, bares, cafeterías e restaurantes.	➤ Demostrativos e posesivos: formas, contraccións e usos. ➤ Numerais e ordinais. ➤ Pronomes e adverbios interrogativos de uso máis común: <i>que, quen, cal, cantos, como, onde</i>. ➤ Pronome tónico complemento.	➤ Léxico máis habitual relacionado con alimentos, bebidas e gastronomía. ➤ O supermercado, o restaurante. ➤ Receitas e hábitos gastronómicos. ➤ Preparación e sabores. ➤ Materiais e utensilios. ➤ Pesos e medidas. ➤ Receitas sinxelas, típicas de Galicia / do país de orixe.



GALEGO SEN FRONTEIRAS
XXXV Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas
3-24 de xullo de 2025

Unidade 5

Tarefas	Contidos funcionais	Contidos gramaticais	Contidos léxicos e socioculturais
➤ Coñecer os hábitos dos nosos compañeiros de clase. ➤ Facer unha listaxe das cousas necesarias para unhas vacacións ou unha fin de semana fóra da casa.	➤ Pedir e dar información sobre hábitos. ➤ Expresar a frecuencia das accións. ➤ Expresar a secuencia das actividades.	➤ Formación, usos e valores máis comúns do indicativo e formas non nominais dos verbos regulares e irregulares máis comúns. ➤ Adverbios máis comúns para a expresión de negación, afirmación, modo, tempo, lugar e dirección.	➤ Os nomes das horas, das partes do día, dos días da semana, dos meses do ano... ➤ Os puntos cardinais e outro vocabulario básico referido á localización no espazo. ➤ Actividades dun día normal/un día da fin de semana. ➤ Actividades de lecer. ➤ Diferenzas de hábitos entre culturas diversas.

Unidade 6

Tarefas	Contidos funcionais	Contidos gramaticais	Contidos léxicos e socioculturais
➤ Falar de gustos e preferencias. ➤ Interesarse polos compañeiros e ofrecer e pedir axuda.	➤ Falar de gustos e preferencias relativas ao aspecto físico. ➤ Falar de estados de ánimo. ➤ Falar de sensacións físicas, describir dores, molestias e síntomas. ➤ Dar información sobre problemas persoais. ➤ Dar consellos.	➤ Formas e usos dos pronomes persoais átonos. ➤ Colocación nas oracións simples. ➤ Concorrencia de pronomes de CD e CI. ➤ Formas <i>te / che</i>.	➤ Hixiene e coidado corporal: as partes do corpo. ➤ A saúde e o estado físico (dor, malestar). ➤ A saúde e os estados de ánimo. ➤ Doenzas e síntomas. ➤ Necesidades corporais (sono, fame, cansazo, frío, ir ao baño...). ➤ Servizos médicos.




GALEGO SEN FRONTEIRAS
XXXV Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas
3-24 de xullo de 2025

Unidade 7

Tarefas	Contidos funcionais	Contidos gramaticais	Contidos léxicos e socioculturais
➤ Descubrir as cousas máis interesantes do lugar onde estamos. ➤ Organizar unha excursión cultural.	➤ Describir lugares. ➤ Falar do clima. ➤ Falar de actividades de lecer. ➤ Falar de horarios.	➤ Construción de oracións simples afirmativas, negativas e interrogativas. ➤ Formas, contraccións e usos dos indefinidos máis usuais: <i>algún, ningún, alguén, ningún</i> etc. ➤ Graos do adxectivo. ➤ Oracións e expresións comparativas.	➤ Léxico relacionado co medio físico e co relevo. ➤ Léxico relacionado con situacións meteorolóxicas, temperatura etc. ➤ Previsións meteorolóxicas. ➤ Actividades estacionais. ➤ Os meses do ano e as estacións. ➤ A oferta turística e de ocio de Santiago.

Unidade 8

Tarefas	Contidos funcionais	Contidos gramaticais	Contidos léxicos e socioculturais
➤ Relatar unha historia do pasado. ➤ Imaxinar o futuro. ➤ Escribir un correo electrónico contando as nosas experiencias.	➤ Expresar desexos. ➤ Expresar instrucións.	➤ Perífrases verbais de uso máis habitual. ➤ Introducción ás formas verbais de subxuntivo. ➤ Estilo indirecto	➤ Nocións sobre a historia de Galicia. ➤ As viaxes antes e agora. ➤ As etapas da vida ➤ Grandes inventos. As novas tecnoloxías e as redes sociais. ➤ Viaxe ao pasado: temas para debater.



Tarefas	Contidos funcionais	Contidos gramaticais	Contidos léxicos e socioculturais
➤ Escribir unha biografía imaxinaria para introducir nunha cápsula do futuro. ➤ Decidir cal foi a época máis interesante da historia.	➤ Situar accións no pasado e no presente. ➤ Argumentar e debater. ➤ Expresar acordo e desacordo.	➤ Pronomes reflexivos e usos pronominais dos verbos máis usuais. ➤ Conxuncións coordinantes e subordinantes. ➤ Oracións coordinadas e subordinadas.	➤ Acontecementos e personaxes importantes da historia. ➤ Léxico relativo á arte. ➤ Léxico de arquitectura.

Os criterios que se seguirán para a avaliación do alumnado estarán en función da consecución dos obxectivos marcados para o curso. Os procedementos que se terán en conta para observar o grao acadado serán os que se expoñen a seguir.

Valorarase o traballo realizado na aula ou fóra dela, comparando as novas tarefas coas anteriores para medir o progreso de cada alumno. Avaliarase a consecución dos obxectivos establecidos para as unidades traballadas ata ese momento. A observación do desenvolvemento das clases informará tamén sobre as actitudes, a motivación, o traballo, a participación etc.

[illegible]



GALEGO SEN FRONTEIRAS

XXXV Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas

3-24 de xullo de 2025

Proba final de coñecementos

Nesta proba avaliarase o grao de consecución dos obxectivos marcados para o curso e constará dun exame escrito no que se valorarán as destrezas de comprensión e expresión escrita, e mais dun exame ou proba oral no que se avaliarán as destrezas de comprensión e expresión oral.

O resultado final cuantificarase numericamente: o exame escrito contará un 70% do resultado final e a proba oral un 30%.

Dentro do cómputo total, tanto a proba escrita, como a proba oral, achegarán un 70% da nota, tanto nas clases teóricas como prácticas, mentres que o 30% restante está reservado para avaliar a participación e a realización das tarefas e actividades.